

sobre o anteproxecto de
**LEI DE ORDENACIÓN
DA MINERÍA
DE GALICIA**

A P R O B A D O P O L O P L E N O O 3 1 D E M A I O

Edita: Consello Económico e Social de Galicia

Este dictame pode consultarse tamén no sitio web do Consello:

www.ces-galicia.org

1.- ANTECEDENTES

1.- En data 6 de abril tivo entrada no Consello Económico e Social a solicitude de dictame sobre o anteproxecto de Lei de Ordenación da Minería de Galicia.

2.- O texto do borrador foi enviado ó presidente e ós membros da Comisión Sectorial nº1: *Economía, emprego e sectores productivos*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de Dictame. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da entrada de solicitude de dictame.

3.- Con data 30 de abril, o seu presidente convoca á Comisión sectorial nº1 para o 3 de maio de 2004, co fin de iniciar os traballos de reflexión sobre a proposta de dictame.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 8/04, acorda aprobar por unanimidade a proposta de Dictame, con data 10 de maio, e a remite ó presidente do Consello para a súa tramitación.

5.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca ó Pleno do Consello, que na súa sesión 4/04, de 31 de maio, e tras coñecer-lo texto remitido, acorda aprobar por unanimidade o seguinte

DICTAME

sobre o Anteproxecto de Lei de Ordenación da Minería de Galicia.

2.- ESTRUCTURA E CONTIDO

O Anteproxecto de Lei sometido a dictame consta de catro títulos, catro capítulos, corenta artigos, unha Disposición adicional, unha Disposición transitoria, unha Disposición derogatoria e catro Disposicións Finais.

No que respecta ó contido do Anteproxecto sometido a dictame, os catro títulos dos que consta, tratan sucesivamente de disposicións xerais, da ordenación mineira, da inspección de minas e das infraccións e sancións.

No primeiro Título, Disposicións xerais, determina o ámbito e obxectivos da Lei, así como as competencias administrativas.

O Título II está estruturado en catro capítulos, o primeiro deles regula a planificación mineira a través do Plan da Minería de Galicia, o segundo capítulo deste título segundo establece a xestión mineira a través do Rexistro Mineiro de Galicia, os dereitos mineiros e das condicións de exercicio de ditos dereitos; o capítulo terceiro regula o fomento da minería, e, finalmente, o capítulo cuarto establece a coordinación e cooperación administrativas.

No Título III establécese a inspección de minas, e por último no Título IV regulase o réxime de infraccións e sancións.

3.- OBSERVACIÓNS XERAIS

1.- O CES considera que a Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, é clave para o desenvolvemento económico e social da Comunidade Autónoma.

No Anteproxecto de Lei sometido a dictame, modifícanse diversos artigos da citada Lei 9/2002 relacionados cos usos autorizables pola Comunidade Autónoma para permitir as labores de explotación e investigación mineira e as explotacións mineiras subterráneas, non previstas na Lei 9/2002.

Nas consideracións do Consello no seu informe 2/03 sobre o sector agrogandeiro e forestal de Galicia, propuxéronse modificacións á Lei 9/2002 para ter en conta nunha futura reforma prevista do seu texto. Así mesmo, tense anunciado un Anteproxecto de Lei de Montes, norma que estará condicionada á Lei de Ordenación Urbanística e ás súas reformas.

Por todo o exposto, o CES considera necesario unha coordinación de todas as modificacións previstas da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, tendo en conta todas as súas posibles implicacións no desenvolvemento económico e social de Galicia.

4.- OBSERVACIÓNS PARTICULARES

1.- O apartado 2 do artigo 1 do Anteproxecto de Lei sometido a dictame determina as actividades incluídas dentro do ámbito de aplicación do anteproxecto.

O CES entende que se debería de engadir no subapartado d) nas actividades incluídas no ámbito de aplicación da Lei, *“d) As condicións e requisitos do abandono das actividades anteriores e os posibles usos futuros das zonas afectadas”*.

2.- O artigo 6 do Anteproxecto de Lei sometido a dictame establece o que en todo caso deberá conte-lo Plan da Minería de Galicia.

O CES considera que unha vez que se concrete o Plan Sectorial de Incidencia Supramunicipal previsto na Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, podería producirse un certo solapamento co Plan da Minería de Galicia.

3.- O artigo 7 do anteproxecto de Lei regula a planificación mineira dos concellos mineiros.

O CES considera que neste artigo, debería de terse en conta a situación dos concellos nos que, por aplicación das novas regulamentacións, a actividade minei-

ra ven de inicia-lo seu peche; así como aqueles concellos cun potencial mineiro recoñecido pola Xunta no seu Plan da Minería.

4.- O apartado 2 do artigo 10 do Anteproxecto de Lei de Ordenación da Minería de Galicia, regula os criterios de valoración dos concursos para a adxudicación de terreos non rexistrables.

O CES entende que se deberían de concreta-los criterios de valoración contemplados no citado apartado, a fin de dotar dunha maior obxectividade á adxudicación final dos concursos.

5.- A Sección terceira do Capítulo segundo do Título segundo establece as condicións de exercicio dos dereitos mineiros.

O CES entende que se debería introducir, nesta sección, un artigo referente á prevalencia de intereses, no senso de que, no caso que sobreveña algún conflito de intereses sobre algún terreo no que recaía algún dereito mineiro, se tramite un procedemento de prevalencia que garanta, en todo caso, a correspondente indemnización do dereito que, finalmente, se considere non prevalente.

6.- O artigo 12 do Anteproxecto de Lei establece, dentro das condicións de exercicio dos dereitos mineiros, as garantías para o exercicio da minería.

O CES considera que o importe establecido para a garantía de viabilidade do 100% do custo das operacións de restauración dos terreos parece excesivo por canto pode chegar a por en perigo a viabilidade da explotación mineira; así, debería establecerse como normal xeral que a garantía inicial cubrira o 80% do orzamento previsto no plan de restauración para as áreas afectadas, tal como acontece noutras Comunidades Autónomas. Neste senso, o CES entende que se debería preve-la posibilidade de fraccionar ou reduci-lo importe da garantía variable en aqueles supostos nos que o Plan de Restauración se divida en fases de execución, do contrario, dificultaría o desenvolvemento das actividades mineiras descritas.

O CES considera necesario delimitar uns criterios obxectivos para a determinación do importe e a forma de fraccionamento destas garantías considerando que o custo dos traballos de restauración depende en cada caso directamente do

tipo e das características da explotación, así como das condicións específicas da área afectada, establecéndose unha fianza axeitada ó orzamento e ó programa dos plans de restauración.

Neste senso, O CES entende que debería de ter en conta, á hora de establecer-las garantías no anteproxecto de Lei, o Decreto 455/1996, de 7 de novembro que regula as fianzas en materia ambiental, que establece que para o outorgamento dunha autorización de proxectos, obras e actividades que fosen susceptibles de afecta-lo medio ambiente, en termos da Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, cando en dita autorización se impoñan medidas correctoras, poderá esixirse a constitución dunha garantía persoal mediante aval, que garanta suficientemente o cumprimento destas medidas e a reparación dos posibles danos e o custo da restauración.

7.- O Capítulo cuarto do Título segundo do Anteproxecto de Lei sometido a dictame regula a coordinación e cooperación administrativas.

O CES considera necesario introducir no citado capítulo un novo artigo sobre a simplificación administrativa, de forma que se estableza que con obxecto de materializa-los principios de coordinación e cooperación administrativa, regulamentariamente se arbitre un procedemento que simplifique e integre a tramitación de todas e cada unha das autorizacións sectoriais necesarias para o desenvolvemento da actividade mineira.

Así mesmo, o CES considera que se debería de introducir unha previsión de xeito que en caso de que a explotación mineira de que se trate esté suxeita ó trámite de avaliación de impacto ambiental, non resulte necesario o trámite de clasificación da actividade esixido polo Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, nos termos da Lei 1/1995, de Protección Ambiental de Galicia.

8.- O artigo 19 do Anteproxecto obxecto de dictame regula a coordinación administrativa.

O CES considera necesario incluír dentro deste artigo un segundo parágrafo, no que se estableza que , no marco de dita coordinación, a administración competente en materia de minas, vele, en particular, para que estas relacións adminis-

trativas se materialicen en actuacións integrais sen prexuízo das competencias atribuídas a cada unha das administracións que poidan concorrer.

9.- O artigo 21 do Anteproxecto de Lei sometido a dictame regula o Consello Mineiro de Galicia, como órgano de asesoramento interno da administración en materia mineira, do que, en todo caso, deberán formar parte os representantes das empresas mineiras, dos sindicatos, dos concellos mineiros e das organizacións e corporacións públicas relacionadas coa minería.

O CES considera necesario que, dentro do Consello Mineiro de Galicia, esté representada a organización empresarial máis representativa a nivel territorial e intersectorial da Comunidade Autónoma de Galicia, como organización veladora dos distintos intereses empresariais do sector.

10.- O apartado b) do artigo 23 do Anteproxecto de Lei que regula as facultades do persoal inspector, establece que o funcionario que realice a inspección de minas está autorizado a proceder a practicar calquera dilixencia para comprobar que as disposicións legais se cumpren. Neste senso poderá requirir-la información que considere precisa e examina-la documentación relativa á aplicación das disposicións legais, así como obter copias e extractos da mesma.

O CES considera que a labor inspectora da administración configúrase, neste apartado, cun carácter ilimitado, polo que se entende necesario concreta-las obrigas do persoal inspector e precisa-las dilixencias a realizar.

11.- O artigo 30 do anteproxecto de Lei sometido a dictame determina as sancións asociadas ás infraccións tipificadas.

O CES considera que as sancións establecidas resultan excesivas, e deberían establecerse en coordinación coa Lei 1/1995 de Protección Ambiental, onde se establece un elenco de infraccións e sancións inferiores ás establecidas neste Anteproxecto de Lei, e que poderían resultar aplicables en materia de minería.

12.- A Disposición Final Primeira do Anteproxecto de Lei sometido a dictame establece a reforma da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación

Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificando, en concreto, os artigos 37.2, 39.2, 40.2 e a Disposición Transitoria duodécima da citada Lei.

O CES considera que co fin de conseguir que a reforma da citada Lei teña un maior alcance, non deberían de limitarse os usos autorizables pola Comunidade Autónoma a *“as labores de explotación e investigación mineira e as explotacións mineiras subterráneas”*, senón que estes deberían de ampliarse ás ***“actividades extractivas, incluídas a explotación mineira, das canteiras e a extracción de áridos ou terras”***, previsto no apartado e) do artigo 33 "Usos e actividades en solo rústico" da Lei 9/2002, do 30 de decembro. Por todo elo, deberíaase incluír estas actividades dentro dos usos autorizables pola Comunidade Autónoma, nos solos rústicos de protección agropecuaria e de protección forestal (artigo 37 Lei 9/2002), nos solos rústicos de protección das augas, das costas e de interese paisaxístico (artigo 39 Lei 9/2002), e nos solos rústicos de protección dos espazos naturais (artigo 40 Lei 9/2002).

Na Disposición Transitoria duodécima da Lei 9/2002 se establece que a ampliación ou implantación de novas explotacións e actividades extractivas en solo rústico especialmente protexido, non poderán realizarse en tanto non sexa aprobado o correspondente Plan sectorial de incidencias supramunicipal de actividades extractivas de acordo coa Lei 10/1995, do 23 de novembro, de Ordenación do Territorio de Galicia.

O CES considera excesivo vincular tódolos supostos de ampliación de concesións xa existentes nas que se seguen desenvolvendo actividades extractivas ó amparo dun título concesional, a dito Plan sectorial de incidencias supramunicipal. Dita vinculación debería aplicarse só en aqueles casos nos que a ampliación exceda do ámbito da concesión.

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2004

Vº. e P.
O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo: Luis Suárez-Llanos Gómez

Asdo: Carlos Monclús Diez de Ulzurrun